

O PERIODO DE ADAPTACIÓN 3 anos

A entrada dos nenos/as por primeira vez na escola implica unha separación do ambiente familiar e unha situación descoñecida e nova para eles/as.

Neste proceso, tanto os/as titores/as como as familias e a escola, deberán establecer unhas pautas de actuación dirixidas a dar apoio, comprensión e coidado aos máis pequenos.

Para iso a Lei de educación e as ordes e decretos que a poñen en marcha establecen o período de adaptación.

Iste consiste en que o alumnado se vaia adaptando á escola de forma progresiva e o menos traumática posible e, para iso, realizaremos este período da forma que indique o calendario escolar.

O período de adaptación tería unha duración de quince días, pero **na situación actual motivada polo COVID-19 non podemos precisar con exactitude como vai ser o seu desenvolvemento.**

Comezaría con períodos curtos de tempo para ir aumentándoos progresivamente, empezando con

grupos pequenos de nenos/as para que se vaian coñecendo entre eles, familiarizándose co espazo no que van pasar moitas horas da súa vida e coñecendo tamén ao titor ou titora.

- En setembro farase unha reunión de cada curso coa súa titora e facilitarase información detallada.
- É normal que esteades preocupados de como vivirei este primeiro contacto coa escola, pero tamén debes pensar que é algo positivo e necesario para min e que alí o pasarei moi ben.
- Sorride moito e dáme seguridade cando me faledes da escola.
- Non uses o colexio como ameaza, nin como castigo, dicíndome cousas como "...xa verás cando vaias á escola...". Isto só serve para poñerme en contra dela.
- Faládeme da escola como dun lugar para coñecerme mellor, facer amigos, aprender a expresarme e para ser feliz.

